



MEMORIA DE XESTIÓN ANUAL ANPA IES NEIRA VILAS CURSO 2023-2024

1. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DA ANPA
2. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES
3. INICIATIVAS DA ANPA E ACTIVIDADES NO CENTRO
4. CONSELLO ESCOLAR
5. RESUMO DE CONTAS ECONÓMICAS
6. ORZAMENTO PREVISTO PARA O CURSO 2023-2024
7. OBXECTIVOS PARA O PRÓXIMO CURSO



1. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DA ANPA

A Asociación de Nais e Pais Neira Vilas está formada por tódalas familias de alumnado escolarizado no IES Neira Vilas que desexan asociarse. No presente curso 2023/24 somos un total de 104 familias socias.

O prezo da cota para asociarse á ANPA é de 20 €/curso para o primeiro fillo, e de 5 € para os sucesivos.

A Xunta Directiva da ANPA está formada por un grupo de nais e pais que traballan voluntariamente representando ó resto das familias. As tarefas e funcións da Xunta directiva están repartidas entre os cargos que son elixidos en assemblea. Na actualidade, conforman a Xunta directiva as seguintes persoas:

Presidenta: Luisa Domínguez Sierra

Secretaria: Lucía Seoane López

Tesoureira: Sonia Vázquez Álvarez

Vogais: Sonia Gandoy Blanco

Manuel Muñiz Mayo

Ana Belén Nogueira Álvarez

Carmen Navarro Casero

O centro pon a disposición da ANPA un local no instituto no que se centraliza a actividade.

Para comunicarse con nós a maneira máis sinxela é a través do correo electrónico anpaneiravilas@gmail.com.



Este curso tamén puxemos en marcha novas canles de comunicación, como Instagram (@anpaneiravilas) dende o cal queremos manter informadas ás familias das nosas actividades que organizamos, e doutras cuestión que poidan ser de interese para a educación dos nosos fillos e fillas.

2. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Como en anos anteriores, a ANPA Neira Vilas deu a opción ao alumnado do centro a inscribirse en actividades extraescolares durante o curso 2023/24 nas tardes dos xoves, de 16.15-17.45.

Neste curso ofrecimos diversas actividades:

- **DEFENSA PERSONAL:**

Nesta actividade aprenderanse as técnicas de defensa e autoprotección destinadas a preservar a integridade física e aumentar a seguridade nun mesmo a través do respecto aos demais e a disciplina

Custo de 18€/mes por alumno (para un mínimo de 20 participantes)

Como non se acadou o número mínimo de inscrición, esta actividade como tal non se levou a cabo, pero si se impartiu un taller en horario lectivo en algún curso (detallamos máis abaixo)

- **ENGLISH CLUB:**

Actividade impartida en inglés na que os alumnos participantes entablan unha comunicación fluida durante o curso cun centro en UK, principalmente compartindo actividades a través dun blog e por video conferencia, propiciando un intercambio lingüístico-cultural moi interesante en ambas direccións. Ademais o English Club ten un acordó de colaboración con Trinity College London no que se recoñece que



nesta actividade se prepara ao alumnado correctamente para optar a un diploma oficial de este centro examinador. De feito nos anos que se leva facendo esta actividade aprobaron o 100% de alumnos que se presentaron.

Este ano estiveron anotados de media 17 alumnos.

O prezo mensual é de 15 euros para as persoas socias e de 20 euros para os non socios.

- LINGUAXE DE SIGNOS:

A través desta actividade aprenderemos a comunicarnos con persoas con discapacidades auditiva e melloraremos tamén a nosa capacidade de expresión, memoria e atención.

Custo de 15€/mes.

Nesta actividade tampouco se alcanzou o número mínimo de inscritos, polo que finalmente non se levou a cabo.

- ROBÓTICA (ROBOTIX)

Nesta actividade foméntase de forma divertida o uso da ciencia e a tecnoloxía a través dos recursos de LEGO EDUCATION

Custo de 34€/mes

Tampouco se levou a cabo por non alcanzar o mínimo de inscrición.

- XADREZ

Aprenderemos estratexias e técnicas deste xogo milenario a través de xogos, desafíos e partidas á vez que traballamos a nosa capacidade de concentración, paciencia, memoria e toma de decisión.

Custo de 15€/mes

Non se alcanzou o mínimo de solicitudes de inscrición.

Calendario e Inscricións

- Dende outubro ata o último día lectivo de clase.



- Inscripción: cubrindo a ficha entregada a todo o alumnado ca matrícula, e que está colgada na páxina web do instituto, no apartado da ANPA.

Finalmente, de todas as actividades ofertadas só se impartiu o ENGLISH CLUB.

3. INICIATIVAS DA ANPA E ACTIVIDADES NO CENTRO

- PROXECTO DE DOAZÓN E INTERCAMBIO DE LIBROS DA ANPA.

A ANPA IES Neira Vilas xestiona o banco de doazón e préstamo de libros que serve para completar a axuda da Xunta que reciban as familias.

En 1º ESO, xa que traballan co programa E-dixgal, só se prestaron os libros de Inglés e Francés

En 3ºESO, se prestaron libros de bioloxía, francés, inglés e Matemáticas.

En 4ºESO, prestáronse libros de Inglés.

O reparto de libros fíxose seguindo os seguintes criterios: Primeiro socios da ANPA, por orden de letra administrativa da Xunta de Galicia. E despois os non socios ca mesma orde. Para que todos os nenos/as tiveran algún libro repártense da maneira indicada un a un, e se se rematan os libros dunha asignatura continúaase co seguinte libro polo seguinte alumno da lista.



	Nº Peticiones				
	Total	Socios	No socios	Libros prestados	Libros pedidos
1º ESO	24	19	5	35	46
3º ESO	38	21	17	86	132
4º ESO	38	16	22	38	38
Total	100	56	44	159	216

Solo en primero quedó una familia sin recibir ningún libro

Polo tanto, recibimos peticións de 100 familias e todas, agás unha, levaron algún manual.

En termos económicos, e se calculamos un custo medio de 22 euros por libro, as familias do instituto aforraron 3410 €

Animamos a todas as familias a doar os libros dos cursos xa rematados, para poder axudar ao máximo número de familias nos cursos vindeiros.

- TÉCNICAS DE ESTUDIO

Impartíronse sesións de técnicas de estudio en todos os cursos de ESO (1º, 2º e 3º da ESO).

As sesións comezaron en novembro de 2023 e finalizaron en xaneiro de 2024, impartíndose durante as horas de titoría a maioría delas. Noutros casos o profesorado cedeu algunha das súas horas de clase.

Impartíronse, en xeral, técnicas para:

- o Planificar o tempo, confección de horarios e organización do traballo. Uso de axenda.



- Estudar asignaturas de letras: aprender a realizar a lectura exploratoria, comprensiva, extraer ideas principais, organizar a información e xerarquizala en organizadores gráficos.
- Adestrar a memoria dende un punto de vista práctico e facela máis eficiente, consellos e habilidades para memorizar e regras nemotécnicas.
- Como estudar matemáticas, pautas para a resolución de problemas e en xeral como traballar as asignaturas instrumentais.
- Pautas para a realización de exames.
- Toma de apuntes.

Este curso tamén realizamos unha charla para as familias, impartida por Belén Sanmartín, destinada a informar aos pais e nais de esta actividade e de cómo podían eles reforzar o aprendido nas casas.

- TALLER DE EDUCACIÓN EMOCIONAL E IGUALDADE DE XÉNERO.

Taller impartido en 3º de ESO por Almas Meraki

Nestas sesións levadas a cabo por Sara Vierna, o obxectivo era ofrecer experiencias de aprendizaxe para que os alumnos poidan repensar as súas identidades, as súas relacións para tomar consciencia sobre as situación que lles provocan malestar e incorporar algunhas ferramentas que potencien as competencias persoais como a conciencia e a regulación emocional.

O enfoque metodolóxico foi participativo, dinámico e experiencial. Atendeu a todas as voces do grupo xerando un espacio de seguridade e respecto para facilitar a expresión de opinión e sentires. Púxose en práctica exercicios de debate e crítica, de conciencia emocional e de autoindagación persoal.



- TALLER DE DEFENSA E AUTOPROTECCIÓN

Nos cursos de 4ºESO e de 1º BACH leváronse a cabo varias sesión de un taller de defensa persoal e autoprotección, destinado a ensinarlles as ferramentas necesarias para intentar salvaguardar a súa integridade física, pero sobre todo para que os menos e adolescentes desenvolvan a súa autoestima e as súas habilidades de autoprotección sen deixar de lado o saber resolver os seus enfrontamentos de maneira pacífica.

- I CONCURSO DE MARCAPÁXINAS

Ao rematar o curso organizamos a I edición dun concurso de marcapáxinas, invitando a todos os alumnos a participar, diseñando un marcapáxinas ca temática " O Neira".

Unha vez recibidos foron elexidos 3 deles, e entregamos aos gañadores tres vales do Fnac por valor de 100€, 50€ e 25€.

Fixemos copias dos marcapáxinas gañadores e entregámolos na Biblioteca do Centro.

- SOLICITUDE DE SUBVENCIONS AO CONCELLO DE OLEIROS

Como todos os anos, en xuño solicitouse ao Concello de Oleiros unha subvención destinada a entidades sen ánimo de lucro para a promoción da cultura e o deporte no ano 2023.

Para este curso 2023/2024 a subvención concedida polo Concello de Oleiros foi de 5.301,21 €..

A consecución desta subvención é esencial para a Anpa, xa que dependemos deste ingreso para poder levar a cabo todas as nosas iniciativas.



4. CONSELLO ESCOLAR

A ANPA ten unha representante no Consello Escolar, para presentar todos os temas que considera de interese para os nosos alumnos e alumnas.

5. RESUMO DE CONTAS ECONÓMICAS

Estes datos están a disposición dos socios no seu correo electrónico.

6. ORZAMENTO PREVISTO PARA O CURSO 2024-2025

A Anpa ten como os seguintes ingresos:

- As cuotas de socios do curso 2024-25, que podemos estimar unha media de 120 familias. Destes ingresos unha parte están ingresados antes do 01/09/24 polo que xa forman parte das contas do exercicio anterior.
- As cuotas de socios do curso 2025-26, que se produzan entre os meses de xuño e agosto do próximo ano.
- Os ingresos da Actividade English Club, que é a única que se pode levar a cabo xa que foi a única ofertada.
- A subvención solicitada ao Concello de Oleiros.

E como gastos:

- O pago a ADC As Mariñas, correspondente ás clases de inglés.
- O pago do taller de Técnicas de Estudio, pendente de concretar, que si se repite como este ano, se impartirá en principio aos cursos de 1º, 2º e 3º da ESO
- O pago do taller de Xestión Emocional, pendente de concretar e que se poderá impartir ao curso que o profesorado do instituto xunto coa orientadora, consideren máis necesario.
- As comisións bancarias da conta aberta en Abanca



- O pago a unha empresa adicada a Adaptación ás Normativas de Protección de Datos, de obrigado cumprimento para todas as empresas, asociacións, etc que manexen datos persoais.

7. OBXETIVOS PARA O PRÓXIMO CURSO.

Neste curso que acaba de començar de 2024/2025 esperamos continuar ca labor feita estes anos e sacar adiante moitos máis proxectos:

- Axudar ás máximas familias posible co banco de libros.
- Oferta da actividade extraescolar English Club.
- Ofrecer ao máximo de alumnos e alumnas novos talleres de técnicas de estudio
- Debido ao éxito acadado neste curso, ofrecer de novo Talleres de xestión emocional, se pode ser a máis cursos que a un.
- Ofrecer mais talleres, como o de defensa persoal, fútbol gaélico, etc.
- Organizar a II Edición do concurso de marcapáxinas.
- Propor novas actividades a desenvolver en todo o curso (limpeza de praias, festa fin de curso, etc)

Para poder levar a cabo as máximas actividades e con elo, completar e enriquecer a educación dos nosos fillos e fillas, animámosvos a ser socios da Anpa e tamén a formar parte dela, xa que cantos máis sexamos, mais doado será poder acadar estes obxectivos.